


The Wayback Machine - <https://web.archive.org/web/20210226035901/http://letraenobras.com/20...>

# Consello básico para recitais e bicos a hostia limpa

Por **Redacción** - 06/05/2013

## Un artigo de Samuel L. Paris



Samuel L. Paris

Non teño amigos. Non teño unha parella estable (Ken Masters). Recito na maior parte dos sitios que me chaman para recitar. Ou nalgúns nada máis (Chun-Li). Leo textos que creo válidos para o directo. A vida é moi semellante á idea que os imbéciles teñen dela: pasamos polo aro (Ken Masters).

Os recitais adoitan ser unha decepción. Vale. Continuemos... Os recitais adoitan ser unha decepción, as churrascadas adoitan ser unha decepción, a esquerda parlamentaria adoita ser unha decepción, os coitos (Zangief) na praia adoitan ser unha decepción (*le arenisma*).

As palabras "Satán", "solpor" e "cru". As palabras "cociña económica", "gasoil" e "brunette". As presas: vítimas (Ryu). A súa exaculación sonora. Abrir os corpos con sons rancios: perra putada. O malo non é aburrirse: o fodido é aburrir (Dhalsim).

Fumar para sorrir. Fumar para escribir. Fumar demasiado (Blanka).

O mellor recital (E. Honda) remata sempre cunha botella roubada enriba da mesa da cociña. Contémplaa como se foses a primeira persoa en desenterrar o Pórtico da Gloria (Guile) de entre as espiñas de oito millóns de xardas.

Non temos amigos (Ken Masters).

Rouba.

Esvara.

---

### Uso de cookies

Como moitas outras webs este sitio usa cookies. Podes cambiar a configuración das cookies no teu navegador en calquera momento. Se continúas navegando das o teu consentimento para a aceptación das mencionadas cookies e da nosa [política de cookies](#), pulsa a ligazón para máis información.

[plugin cookies](#)

**ACEPTAR**